PAI 2016 Deputación	2016	174.875,93	174.875,93	0,00	0,00	17.487,59	174.875,93	Ano 2035
Prést Provincial 2017 Deputación	2017	108.484,72	108.484,72	0,00	0,00	10.848,47	108.484,72	Ano 2034
Prést Provincial 2018 Deputación	2018	181.959,08	181.959,08	0,00	0,00	18.195,91	181.959,08	Ano 2035
Prést Provincial 2019 Deputación	2019	129.034,12	129.034,12	0,00	0,00	12.903,41	129.034,12	Ano 2034
Prést Provincial 2020 Deputación	2020	130.648,91	130.648,91	0,00	0,00	13.064,89	130.648,91	Ano 2035
Fond Cooperación IGVS 2022	2022	237.158,24	207.513,46	0,00	29.644,78	29.644,78	177.868,68	Ano 2030
Fond Cooperación IGVS 2023	2023	43.997,78	43.997,78	0,00	5.499,72	5.999,72	38.498,06	Ano 2031
TOTAIS préstamos longo prazo			0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	
TOTAIS préstamos a curto prazo			0,00	4.000,00	0,00	0,00	100.000,00	
TOTAIS Outras operacións			1.151.819,79	0,00	35.144,50	125.675,35	1.116.675,29	
TOTAIS			**1.151.819,79**	**4.000,00**	**35.144,50**	**125.675,35**	**1.216.675,29**	

FIRMADO POR María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 16/03/2024 15:47:00)
Versión imprimible
CVD: 8NlOHDUlHED7yvle+H06
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

ESTADO DO MOVEMENTO E SITUACIÓN DA DÉBEDA AO LONGO DO 2024

F.1.1.B3. Estado de movimiento e situación da débeda	Previsión a 31/12/2023		Previsión 2024				Previsión a 31/12/2024	
				Amortizaciones				
Concepto	Débeda Viva (1)	Credito dispoñible	Disposto no exercicio (2)	Ordinaria s/ contrato (3)	Extraordinaria (4)	Xuros e gastos financieros	Débeda viva (5)=(1)+(2)-(3)-(4)	Credito dispoñible
Operacións con Entidades de crédito								
Con Entidades de Credito Residentes								
Créditos a c/p (en euros)	0,00		100.000,00			4.000,00	100.000,00	
Créditos a l/p (en euros)								
Outros créditos a l/p (en euros) sen operación de derivados asociada								
Outros créditos a l/p (en euros) con operación de derivados asociada								
Factoring sen recurso								
Avales executados								
a Entidades dependentes (Administraciones Publicas)								
Resto de entidades dependentes								
Entidades no dependentes								
Débedas con Administracións Públicas								
Coa Administración Xeral do Estado								
Liquidación PIE - 2020	92.659,78			92.659,78			0,00	
Fondo de financiación pago a proveedores								
Outros								
Coa Comunidad Autonoma	251.511,24			35.144,50			216.366,74	
Coa Diputacion	900.308,55						900.308,55	
Coa Seguridad Social (aplazado con cuadro de amortización)	14.185,26			14.185,26		150,00	0,00	
Coa AEAT (aplazado con cuadro de amortización)								
Con outras Administracións Públicas								
Outras operaciones de credito								
Arrendamentos financieros								
Pagos aprazados								
Inversións con abono total do prezo								
Asociacións Público privadas (APP's)								
Outras								
TOTAIS:	**1.258.664,83**	**0,00**	**100.000,00**	**141.989,54**	**0,00**	**4.150,00**	**1.216.675,29**	**0,00**

FIRMADO POR María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 16/03/2024 15:47:00)
Versión imprimible
CVD: 8NlOHDUlHED7yvle+H06
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Acuse de recibo - Aceptación da notificación

Asunto: Comunicacion informativa sobre o estado de devolución dos préstamos do PAI e POS
Data de envío da notificación: 28/04/2022 09:44
Número de rexistro (de saida): 202299900009135
Data de notificación: 28/04/2022

Expediente: 2014990005286 (PAI-SOLICIT/2015)
PLAN DE AFORRO E INVESTIMENTO (PAI) 2015 SOLICITUDE XERAL
Interesado: P1504300C CONCELLO DE LOUSAME

A sinatura e envío do presente documento electrónico representa a recepción da notificación, por parte do firmante do mesmo. As datas de recepción serán as indicadas no Rexistro de Entrada que se fará a recepción na Deputación do documento asinado.

FIRMADO POR María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 16/03/2024 15:47:00)
Versión imprimible

CVD: 8NlOHDUlHED7yvle+H06
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Deputación DA CORUÑA

Servizo: Xestión de Plans

A Coruña Abril de 2022

Referencia: SRP-RDE Servizo de Xestión de Plans

Asunto: Comunicación aos concellos dos datos dos préstamos provinciais concedidos a través de Plans Provinciais pendentes de devolver

ALCALDÍA DO CONCELLO

COMUNICACIÓN INFORMATIVA AOS CONCELLOS DOS DATOS DOS PRÉSTAMOS PROVINCIAIS CONCEDIDOS A TRAVÉS DE PLANS PROVINCIAIS, CUXO IMPORTE ESTÁ PENDIENTE DE DEVOLVER.

Esta deputación iniciou no ano 2015 unha liña de préstamos provinciais aos concellos, en condicións moi vantaxosas, que se tramitaron mediante Plans Provinciais, nos anos 2015 e 2016 a través do "Plan de aforro e investimento" (PAI), e desde o ano 2017 en adiante a través do Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal, Plan único de Concellos (POS+).

Estes préstamos foron concedidos a aqueles concellos que os solicitaron para o financiamento da amortización anticipada de préstamos que o concello tiña con entidades financeiras ou, ata o ano 2020, para o financiamento de obras ou subministracións. Trátase do prestamos provinciais sen xuros, cuxa data de inicio de devolución foise adiando anualmente, o que se lle comunicou no seu momento a ese concello.

Nas Bases reguladoras destes Plans establécese a forma na que esta Deputación transfire aos concellos o importe do préstamo provincial: no caso de destinarse á redución da débeda do concello con entidades financeiras, realizarase despois da aprobación do Plan, e no caso de destinarse ao financiamento de obras ou subministracións, despois de xustificar a súa execución.

Tamén regúlase nas Bases a forma na que os concellos deben devolver o importe do préstamo que lles foi transferido, que en síntese consiste en devolvelo durante 10 anos, a décima parte cada ano en dúas metades ata o 30 de xuño e ata o 30 de novembro, axustándoo na última anualidade, aínda que o concello pode voluntariamente anticipar a súa devolución comunicándoo a esta deputación.

Os préstamos provinciais solicitados por ese concello e incluídos nos correspondentes Plans provinciais son os que figuran no anexo que se xunta a esta Circular informativa, cuxo importe xa es definitivo por corresponder a préstamos do concello, ou a obras ou subministracións que xa están rematadas. No listado indícanse os datos dos préstamos do concello con entidades financeiras aos que se aplicou o préstamo provincial, e o detalle das obras ou subministracións financiadas con préstamo provincial cos seus datos de adxudicación e execución.

FIRMADO POR María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 16/03/2024 15:47:00)
Versión imprimible
CVD: 8N1OHDU1HED7yv1e+H06
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Deputación DA CORUÑA

O resumo dos Plans nos que se inclúe esta liña de préstamos provinciais é o seguinte:

PLAN	PUBLICACIÓN BASES NO BOP	FINALIDADE	DATAS DE DEVOLUCIÓN
PAI 2015	Nº231 do 2-12-2014 Nº196 do 14-10-2015	-Redución débeda entidades financeiras -Obras/ subministracións	2023 ata 2032
PAI Adicional 2015	Nº231 do 2-12-2014 Nº196 do 14-10-2015	-Redución débeda entidades financeiras -Obras/ subministracións	2023 ata 2032
PAI 2016	Nº2 do 5-1-2016	-Redución débeda entidades financeiras -Obras/ subministracións	2024 ata 2033
PAI Adicional 2016	Nº2 do 5-1-2016	-Redución débeda entidades financeiras -Obras/ subministracións	2024 ata 2033
POS+ 2017	Nº226 do 29-11-2016	-Redución débeda entidades financeiras -Obras/ subministracións	2023 ata 2032
POS+ 2018	Nº188 do 3-10-2017	Redución débeda entidades financeiras -Obras/ subministracións	2024 ata 2033
POS+ 2019	Nº188 do 2-10-2018	Redución débeda entidades financeiras -Obras/ subministracións	2023 ata 2032
POS+ 2020	Nº208 do 31-10-2019	Redución débeda entidades financeiras -Obras/ subministracións	2024 ata 2033
POS+ 2021	Nº205 do 1-10-2020 Nº225 do 31-12-2020	Redución débeda entidades financeiras	2023 ata 2032

Para o caso de que ese concello voluntariamente desexe amortizar total ou parcialmente os préstamos provinciais indicados, lémbrolle que o número de conta desta deputación é o seguinte:

ABANCA: ES49 2080 0000 71 3110000010.

Nas convocatorias PAI-Solicitude 2015 ou 2016 ou POS+Solicitude 2017, 2018, 2019, 2020 ou 2021 deberá presentarse, como documentación adicional, a xustificación da transferencia realizada e o concepto ao que corresponde.

O que se lle comunica para o seu coñecemento e para os efectos oportunos.

O presidente

Valentín González Formoso

FIRMADO POR María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 16/03/2024 15:47:00)
Versión imprimible
CVD: 8N1OHDU1HED7yv1e+H06
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE LOUSAME

PAI 2015

IMPORTE PRÉSTAMO PROVINCIAL	ENTIDADE FINANCEIRA	CODIGO PRÉSTAMO	CONTA BANCARIA ASOCIADA
37.537,97	BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA, S.A.	0182-5947-895-46103405	ES88 0182 5947 1402 0015 0384
37.537,97			

		ORZAMENTO DE CONTRATA E ADXUDICACIÓN			
CÓDIGO	DENOMINACION	DEPUTACIÓN CONTRATA	CONCELLO CONTRATA	TOTAL CONTRATA	DEPUTACIÓN ADXUDICACIÓN
15.3290.0051.0	SUBMINISTRO CONTEDORES	30.299,78	0,00	30.299,78	30.168,56
15.3290.0052.0	RENOV. LUMIN. EN MARRACIN E TÁLLARA E OUT.	75.110,02	0,00	75.110,02	58.820,00
15.3290.0053.0	REP. ACCESO A POUSADA DESDE SANGUIÑAL E OU.	49.279,27	0,00	49.279,27	48.779,26
	TOTAL	**154.689,07**	**0,00**	**154.689,07**	**137.767,82**

PAI 2016

IMPORTE PRÉSTAMO PROVINCIAL	ENTIDADE FINANCEIRA	CODIGO PRÉSTAMO	CONTA BANCARIA ASOCIADA
25.685,74	BBVA	0182-5947-895-46103405	ES88 0182 5947 1402 0015 0384
25.685,74			

		ORZAMENTO DE CONTRATA E ADXUDICACIÓN			
CÓDIGO	DENOMINACION	DEPUTACIÓN CONTRATA	CONCELLO CONTRATA	TOTAL CONTRATA	DEPUTACIÓN ADXUDICACIÓN
16.3290.0033.0	CAMIÑO SEOANE-CERQUIDES	78.577,53	0,00	78.577,53	76.055,19
16.3290.0034.0	CMÑ.SILVARRED.-FROXAN-CRUCE SILVARRED. E O.	73.158,28	0,00	73.158,28	73.135,00
	TOTAL	**151.735,81**	**0,00**	**151.735,81**	**149.190,19**

POS+ 2017

IMPORTE PRÉSTAMO PROVINCIAL	ENTIDADE FINANCEIRA	CODIGO PRÉSTAMO	CONTA BANCARIA ASOCIADA
12.474,03	BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA, S.A.	0182-5947-895-46103405	ES88 0182 5947 1402 0015 0384
12.474,03			

		ORZAMENTO DE CONTRATA E ADXUDICACIÓN			
CÓDIGO	DENOMINACION	DEPUTACIÓN CONTRATA	CONCELLO CONTRATA	TOTAL CONTRATA	DEPUTACIÓN ADXUDICACIÓN
17.3290.0333.0	Camiño de planta medioambiental a Servia	165.051,90	0,00	165.051,90	96.010,69
	TOTAL	**165.051,90**	**0,00**	**165.051,90**	**96.010,69**

FIRMADO POR María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 16/03/2024 15:47:00)
Versión imprimible
CVD: 8NlOHDUlHED7yvle+H06
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

POS+ 2018

IMPORTE PRÉSTAMO PROVINCIAL	ENTIDADE FINANCEIRA	CODIGO PRÉSTAMO	CONTA BANCARIA ASOCIADA
39.522,67	BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA, S.A.	0182594789545656896	ES88 0182 5947 1402 0015 0384
4.457,89	BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA, S.A.	0182594789546103405	ES88 0182 5947 1402 0015 0384
3.467,50	BANCO SANTANDER	004967791030000024	0030 6068 81 0375106273
47.448,06			

		ORZAMENTO DE CONTRATA E ADXUDICACIÓN			
CÓDIGO	DENOMINACION	DEPUTACIÓN CONTRATA	CONCELLO CONTRATA	TOTAL CONTRATA	DEPUTACIÓN ADXUDICACIÓN
18.2200.0444.0	Vial en Cernande (Tállara)	81.526,25	0,00	81.526,25	75.297,65
18.2200.0445.0	Pavimentación viais en Aldariz e outros	64.905,59	0,00	64.905,59	59.213,37
	TOTAL	**146.431,84**	**0,00**	**146.431,84**	**134.511,02**

POS+ 2019

		ORZAMENTO DE CONTRATA E ADXUDICACIÓN			
CÓDIGO	DENOMINACION	DEPUTACIÓN CONTRATA	CONCELLO CONTRATA	TOTAL CONTRATA	DEPUTACIÓN ADXUDICACIÓN
19.2200.0334.0	Pavimentación viais en Béxeres e outros	150.039,68	0,00	150.039,68	129.034,12
	TOTAL	**150.039,68**	**0,00**	**150.039,68**	**129.034,12**

POS+ 2020

		ORZAMENTO DE CONTRATA E ADXUDICACIÓN			
CÓDIGO	DENOMINACION	DEPUTACIÓN CONTRATA	CONCELLO CONTRATA	TOTAL CONTRATA	DEPUTACIÓN ADXUDICACIÓN
20.2200.0235.0	Acceso a Pousada da estr. Portobravo-Tállara e ou.	58.901,43	0,00	58.901,43	49.368,00
20.2200.0236.0	Camiño de Vilacoba a Vilar de Reconco	66.434,45	0,00	66.434,45	48.999,85
20.2200.0237.0	Accesos en Comparada e outro	38.429,83	0,00	38.429,83	32.281,06
	TOTAL	**163.765,71**	**0,00**	**163.765,71**	**130.648,91**

RESUMO

PLAN	IMPORTE	DATAS DEVOLUCIÓN	Notas
PAI 2015 PRESTAMO	37.537,97	2023-2032	Importe pagado ao concello
PAI 2015 OBRAS	137.767,82	2023-2032	Importe pagado ao concello
PAI 2016 PRÉSTAMO	25.685,74	2024-2033	Importe pagado ao concello
PAI 2016 OBRAS	149.190,19	2024-2033	Importe pagado ao concello
POS+2017 PRÉSTAMO	12.474,03	2023-2032	Importe pagado ao concello
POS+2017 OBRAS	96.010,69	2023-2032	Importe pagado ao concello
POS+2018 PRÉSTAMO	47.448,06	2024-2033	Importe pagado ao concello
POS+2018 OBRAS	134.511,02	2024-2033	Importe pagado ao concello
POS+2019 OBRAS	129.034,12	2023-2032	Importe pagado ao concello
POS+2020 OBRAS	130.648,91	2024-2033	Importe pagado ao concello
TOTAL	**900.308,55**		

FIRMADO POR María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 16/03/2024 15:47:00)
Versión imprimible
CVD: 8NlOHDUlHED7yvle+H06
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

JUSTIFICANTE DE PRESENTACIÓN/XUSTIFICANTE DE PRESENTACIÓN

Número de registro de entrada/Número de rexistro de entrada: 202200000000575

Fecha y hora/Data e hora: 28 de abril de 2022 13:27

Órgano origen/Órgano orixe:

Interesado/Interesado

NIF/NIE/CIF:

DIPUTACION DE A CORUÑA

Código postal/
Código postal:

País/País:

Teléfono/
Teléfono:

Dirección/
Enderezo:

Municipio/
Concello:

Provincia/
Provincia:

Correo electrónico/Enderezo electrónico:

Información del registro/Información do rexistro

Asunto/
Asunto: REMISIÓN DOCUMENTACIÓN

Resumen/
Resumo: COMUNICACION INFORMATIVA AOS CONCELLOS DOS DATOS DOS PRESTAMOS PROVINCIAIS CONCEDIDOS A TRAVES DE PLANS PROVINCIAIS PENDENTES DE DEVOLVER

Documentos anexos/Documentos anexos

Nombre/Nome
RE 2022-575-I.pdf
RE 2022-575.pdf

Se extiende el presente recibo a efectos de acreditación de presentación de documentos./ Exténdese o presente recibo a efectos de acreditación de presentación de documentos.

28/04/2022 13:30:33

CVD: 10220342023202908332 Verificable en la Sede Electrï¿½nica del Organismo.

FIRMADO POR María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 16/03/2024 15:47:00)
Versión imprimible

CVD: 8N1OHDU1HED7yv1e+H06
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO DE XESTIÓN DE PLANS

NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN NÚMERO 34921 DO 11/08/2022 POLA QUE SE PRORROGA NOVAMENTE O PRAZO DE DEVOLUCIÓN DO PRÉSTAMO PROVINCIAL DO PLAN DE AFORRO E INVESTIMENTO (PAI) 2015 PARA QUE O PRAZO DE DEVOLUCIÓN SEXA DESDE O ANO 2025 ATA O ANO 2034

Don **XOSE REGUEIRA VARELA,** Presidente en funcións da Deputación Provincial da Coruña

Visto o expediente relativo á prórroga do prazo de devolución do préstamo provincial do Plan de aforro e investimento (PAI) 2015, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

O Pleno desta deputación, na sesión ordinaria que tivo lugar o 27 de novembro de 2014 aprobou as Bases reguladoras do Plan de aforro e investimento (PAI) 2015, cuxo texto publicouse no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 231 do 2 de decembro de 2014

Neste Plan PAI 2015, aprobado polo Pleno provincial na sesión realizada o 27 de marzo de 2015, esta deputación asígnalle aos concellos unha cantidade en concepto de préstamo provincial 2015 que debían destinar á redución da súa débeda con entidades financeiras e a realización de investimentos, e que ao ter natureza de "préstamo" os concellos debían devolver, sen xuros, nun prazo de devolución durante 10 anos a partir do ano 2017 ata o ano 2026

Posteriormente, as Bases reguladoras deste Plan foron modificadas tres veces: a primeira modificación foi aprobada mediante acordo plenario do 8 de outubro de 2015 (BOP nº 196 do 14 de outubro de 2015) para incluír un Plan complementario; a segunda modificación foi aprobada mediante acordo plenario do 28 de outubro de 2016 (BOP nº 207 do 2 de novembro de 2016) para atrasar ata o ano 2019 a data de devolución do préstamo provincial que inicialmente comezaba no ano 2017; e a terceira modificación foi aprobada mediante acordo plenario do 14 de setembro de 2018 (BOP nº 184 do 26 de setembro de 2018) para retrasar novamente a data de devolución do préstamo para pasar a realizarse entre os anos 2021 e 2030 e dispoñer tamén que este prazo poderá ser prorrogado novamente mediante Resolución da Presidencia desta Corporación provincial, prorrogándose de novo ata o ano 2023 mediante a Resolución da Presidencia desta corporación provincial número 2020/25020, do 27 de agosto de 2020

Tendo en conta a situación de crise socioeconómica que se ven arrastrando desde a pandemia ocasionada pola COVID-19, agudizada pola guerra de Ucraína, que está provocando unha importante alza de prezos que repercuten na prestación dos servizos municipais obrigatorios, fundamentan que esta deputación sega en disposición de atrasar novamente a data na que os concellos inicien a devolución do préstamo provincial, de xeito que o prazo de devolución do préstamo provincial do PAI 2015 se inicie a partir do ano 2025 ata o 2034

FIRMADO POR María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 16/03/2024 15:47:00)
Versión imprimible
CVD: 8N1OHDU1HED7yv1e+H06
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

II. FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases Reguladoras do PAI 2015, aprobadas polo Pleno desta deputación o 27 de novembro de 2014 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 231 do 2 de decembro de 2014, modificadas mediante acordos plenarios do 8 de outubro de 2015 (BOP nº 196 do 14 de outubro de 2015), do 28 de outubro de 2016 (BOP nº 207 do 2 de novembro de 2016) e do 14 de setembro de 2018 (BOP nº 184 do 26 de setembro de 2018), na que se autoriza a prorrogar o prazo de devolución do préstamo provincial do PAI 2015 mediante Resolución da Presidencia

De acordo con estes antecedentes e fundamentos de dereito e en virtude das atribucións que me confire a normativa vixente

***RESOLVO**:*

1.- Aprobar unha nova prórroga do prazo de devolución do "préstamo provincial" do Plan de aforro e investimento (PAI) 2015, previsto nas Bases 2 e 9 das reguladoras do Plan, que nas Bases iniciais estaba establecido a partir do ano 2017, que foi retrasado ata o 2019 mediante acordo do 28 de outubro de 2016, novamente retrasado ata o ano 2021 mediante acordo plenario do 14 de setembro de 2018 e ata o ano 2023 mediante a Resolución da Presidencia desta corporación provincial número 2020/25020, do 27 de agosto de 2020, de forma que o prazo de devolución do préstamo provincial do PAI 2015 se retrase novamente para que sexa desde o ano 2025 ata o 2034.

2.- Notificarlle esta Resolución aos concellos afectados para os efectos oportunos.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor recurso potestativo de reposición no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación perante o mesmo órgano que a ditou ou recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses perante o Xulgado do contencioso-administrativo da Coruña, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso quese estime pertinente.

FIRMADO POR María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 16/03/2024 15:47:00)
Versión imprimible

CVD: 8N1OHDUlHED7yv1e+H06
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

FIRMADO POR María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 16/03/2024 15:47:00)
Versión imprimible
CVD: 8N1OHDUlHED7yv1e+H06
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO DE XESTIÓN DE PLANS

NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN NÚMERO 34924 DO 11/08/2022 POLA QUE SE PRORROGA NOVAMENTE O PRAZO DE DEVOLUCIÓN DO PRÉSTAMO PROVINCIAL DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2017, PARA QUE O PRAZO DE DEVOLUCIÓN SEXA DESDE O ANO 2025 ATA O ANO 2034

Don **XOSÉ REGUEIRA VARELA**, Presidente en funcións da Deputación Provincial da Coruña

"Visto o expediente relativo á prórroga do prazo de devolución do préstamo provincial do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2017, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

O Pleno desta deputación, na sesión ordinaria que tivo lugar o 25 de novembro de 2016, aprobou as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2017, cuxo texto publicouse no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 226 do 29 de novembro de 2016

Neste Plan POS+ 2017, aprobado polo Pleno provincial mediante acordo adoptado na sesión extraordinaria do 8 de xuño de 2017, en relación coa Resolución da Presidencia número 2017/22137, do 7 de xullo de 2017, esta deputación asígnalle aos concellos, por unha banda, unha achega provincial definitiva, e por outra, unha cantidade en concepto de préstamo provincial 2017 que debían destinar á redución da súa débeda con entidades financeiras e a realización de investimentos, e que ao ter natureza de "préstamo" os concellos debían devolver, sen xuros, nun prazo de devolución durante 10 anos a partir do ano 2019 ata o ano 2028

Posteriormente, tendo en conta a situación económica dos concellos así como que esta deputación estaba en disposición de atrasar a data para que os concellos iniciasen a devolución do préstamo provincial, mediante a Resolución da Presidencia desta deputación número 2018/30454, do 12 de setembro de 2018, dispúxose prorrogar o prazo de devolución do préstamo provincial do POS+ 2017 para se iniciase a partir do ano 2021 ata o 2030 e mediante a Resolución número 2020/25019, do 27 de agosto de 2020, prorrogouse de novo para que o prazo de devolución se iniciase a partir do ano 2023 ata o ano 2032

Tendo en conta a situación de crise socioeconómica que se ven arrastrando desde a pandemia ocasionada pola COVID-19, agudizada pola guerra de Ucrania, que está provocando unha importante alza de prezos que repercuten na prestación dos servizos municipais obrigatorios, fundamentan que esta deputación sega en disposición de atrasar novamente a data na que os concellos inicien a devolución do préstamo provincial, de xeito que o prazo de devolución do préstamo provincial do POS+2017 se inicie a partir do ano 2025 ata o 2034

II. FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases Reguladoras do POS+ 2017, aprobadas polo Pleno desta deputación o 25 de novembro de 2016 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 226 do 29 de novembro de 2016.

Tendo en conta que nas Bases 1, 4.1 e 10 das reguladoras do Plan establécese que o préstamo ten un prazo de devolución durante 10 anos a partir do ano 2019, nos meses de xuño e novembro, e que este prazo é prorrogable mediante Resolución da Presidencia

De acordo con estes antecedentes e fundamentos de dereito e en virtude das atribucións que me confire a normativa vixente

RESOLVO:

1.- Aprobar unha nova prórroga do prazo de devolución do "préstamo provincial" do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2017, previsto nas Bases 1, 4.1 e 10 das reguladoras do Plan, de maneira que o prazo de devolución durante 10 anos previsto a partir do ano 2019 ata o ano 2028, que fora prorrogado mediante Resolución da Presidencia desta deputación do 12 de setembro de 2018 para retrasalo dende o ano 2021 ata o ano 2030 e mediante a Resolución do 27 de agosto de 2020 para retrasalo dende o ano 2023 ata o 2032, se retrase novamente, de xeito que o prazo de devolución sexa desde o ano 2025 ata o 2034.

2.- Notificarlle esta Resolución aos concellos afectados para os efectos oportunos".

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor recurso potestativo de reposición no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación perante o mesmo órgano que a ditou ou recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses perante o Xulgado do contencioso-administrativo da Coruña, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.

FIRMADO POR María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 16/03/2024 15:47:00)
Versión imprimible

CVD: 8N1OHDUlHED7yv1e+H06
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO DE XESTIÓN DE PLANS

NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN NÚMERO 34922 DO 11/08/2022 POLA QUE SE PRORROGA NOVAMENTE O PRAZO DE DEVOLUCIÓN DO PRÉSTAMO PROVINCIAL DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2019, PARA QUE O PRAZO DE DEVOLUCIÓN SEXA DESDE O ANO 2025 ATA O ANO 2034

Don **XOSÉ REGUEIRA VARELA**, Presidente en funcións da Deputación Provincial da Coruña

"Visto o expediente relativo á prórroga do prazo de devolución do préstamo provincial do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

O Pleno desta deputación, na sesión ordinaria que tivo lugar o 28 de setembro de 2018, aprobou as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019, cuxo texto publicouse no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 188 do 2 de outubro de 2018.

Neste Plan POS+ 2019, aprobado polo Pleno provincial na sesión ordinaria do 26 de abril de 2019, esta deputación asígnalle aos concellos, por unha banda, unha achega provincial definitiva, e por outra, unha cantidade en concepto de préstamo provincial 2019 que debían destinar á redución da súa débeda con entidades financeiras e a realización de investimentos, e que ao ter natureza de "préstamo" os concellos debían devolver, sen xuros, nun prazo de devolución durante 10 anos a partir do ano 2021 ata o ano 2030

Posteriormente, tendo en conta a situación económica dos concellos así como que esta deputación estaba en disposición de atrasar a data para que os concellos iniciasen a devolución do préstamo provincial, mediante a Resolución da Presidencia desta deputación número 2020/25021, do 27 de agosto de 2020, dispúxose prorrogar o prazo de devolución do préstamo provincial para que se iniciase a partir do ano 2023 ata o 2032

Tendo en conta a situación de crise socioeconómica que se ven arrastrando desde a pandemia ocasionada pola COVID-19, agudizada pola guerra de Ucrania, que está provocando unha importante alza de prezos que repercuten na prestación dos servizos municipais obrigatorios, fundamentan que esta deputación sega en disposición de atrasar novamente a data na que os concellos inicien a devolución do préstamo provincial do POS+ 2019, de xeito que o prazo de devolución do préstamo provincial se inicie a partir do ano 2025 ata o 2034

FIRMADO POR María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 16/03/2024 15:47:00)
Versión imprimible
CVD: 8N1OHDUlHED7yv1e+H06
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

II. FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases Reguladoras do POS+ 2019, aprobadas polo Pleno desta deputación o 28 de setembro de 2018 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 188 do 2 de outubro de 2018.

Tendo en conta que nas Bases 1, 4.1 e 10 das reguladoras do Plan establécese que o préstamo ten un prazo de devolución durante 10 anos a partir do ano 2021, nos meses de xuño e novembro, e que este prazo é prorrogable mediante Resolución da Presidencia

De acordo con estes antecedentes e fundamentos de dereito e en virtude das atribucións que me confire a normativa vixente

RESOLVO:

1.- Aprobar unha nova prórroga do prazo de devolución do "préstamo provincial" do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019, previsto nas Bases 1, 4.1 e 10 das reguladoras do Plan, de maneira que o prazo de devolución durante 10 anos previsto a partir do ano 2021 ata o ano 2030, que fora prorrogado mediante Resolución da Presidencia desta deputación do 27 de agosto de 2020 para retrasalo desde o ano 2023 ata o ano 2032, se prorrogue novamente para que o prazo de devolución sexa dende o ano 2025 ata o 2034.

2.- Notificarlle esta Resolución aos concellos afectados para os efectos oportunos".

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor recurso potestativo de reposición no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación perante o mesmo órgano que a ditou ou recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses perante o Xulgado do contencioso-administrativo da Coruña, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.

FIRMADO POR María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 16/03/2024 15:47:00)
Versión imprimible

CVD: 8N1OHDU1HED7yv1e+H06
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO E O CONCELLO DE LOUSAME PARA O ACCESO AO FONDO DE COOPERACIÓN PARA O APOIO AO FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓNS DE REHABILITACIÓN E CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO CONSTRUÍDO EN CONCELLOS DE MENOS DE 50.000 HABITANTES.

REUNIDOS

Dunha parte, o Instituto Galego da Vivenda e Solo (en adiante, IGVS), con NIF Q6550004C e domicilio en Área Central, s/n, Polígono das Fontiñas, Santiago de Compostela (A Coruña), representado por Ángeles Vázquez Mejuto, conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, nomeada polo Decreto 60/2022, do 15 de maio (DOG núm. 94, do 16 de maio), en virtude das atribucións que lle confire a súa calidade de presidenta do IGVS, segundo o artigo 4 do Decreto 97/2014, do 24 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica do IGVS (DOG núm. 147, do 5 de agosto).

Doutra parte, o Concello de Lousame, con NIF P1504300C e domicilio na Rúa Praza Teodomiro Hidalgo, 1, Lousame, representado por María Teresa Villaverde Pais, na súa condición de alcaldesa, en virtude das atribucións conferidas polos artigos 21.1, 21.1 b) e 21.1 k, da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

As partes recoñécense mutuamente capacidade legal suficiente para outorgar o presente convenio de colaboración e, para tal efecto,

MANIFESTAN

I.- O IGVS é o organismo autónomo adscrito á Consellería de Medio Ambiente,

FIRMADO POR María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 16/03/2024 15:47:00)
Versión imprimible
CVD: 8N1OHDUlHED7yv1e+H06
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
CVE: nJDOz1gabZY9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Territorio e Vivenda encargado de realizar a política de vivenda e solo da Xunta de Galicia, co fin de garantir os dereitos constitucionais a una vivenda digna e adecuada, segundo dispón o artigo 3 da Lei 3/1988, do 27 de abril de creación do IGVS, e pode, para o cumprimento destes fins, establecer convenios con entes públicos ou privados.

II.- O artigo 80.2.d) e e) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, establece que o municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma, nas materias de "ordenación, xestión, execución e disciplina urbanística; a promoción e xestión de vivendas; os parques e xardíns; a pavimentación de vías públicas urbanas e a conservación de camiños e vías rurais"; "o patrimonio histórico - artístico".

III.- As partes asinantes son conscientes que son moitas as edificacións existentes na Comunidade Autónoma de Galicia que se atopan en estado de abandono e desocupación e nas cales as persoas propietarias desatenden o seu deber de conservación e que, asemade, as administracións locais e, de xeito especial os concellos máis pequenos, non teñen capacidade para asumir a execución subsidiaria, no caso de incumprimento dos/das propietarios/as, polo que dificilmente poden rematar os expedientes iniciados co obxecto de esixir o cumprimento da citada obriga.

Por outra parte, desde o IGVS considérase conveniente facilitar a participación dos concellos nas intervencións públicas en materia de rehabilitación e rexeneración urbanas, de tal xeito que poidan acometer actuacións de recuperación e posta en valor do patrimonio construído, co obxecto de recuperar ámbitos en estado deficiente de conservación, como medida de protección do patrimonio cultural e arquitectónico, do ambiente, da paisaxe e do territorio, en prol de mellorar a calidade de vida dos cidadáns, facilitando que poidan dispor dunha vivenda digna e

FIRMADO POR María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 16/03/2024 15:47:00)
Versión imprimible
CVD: 8N1OHDUlHED7yv1e+H06
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
CVE: nJDOz1gabZY9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

axeitada.

IV.- O 23 de setembro de 2016 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* a resolución da presidenta do IGVS do 20 de setembro de 2016, pola que se crea o Fondo de cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes.

A Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia (*Diario Oficial de Galicia* núm. 83, do 2 de maio) regula, nos seus artigos 82 e 83, o citado fondo dentro das medidas de fomento da rehabilitación edificatoria e da rexeneración e a renovación urbanas.

V.- O procedemento de acceso ao Fondo de cooperación foi convocado, para a anualidade de 2022, mediante a Resolución da Presidencia do IGVS do 17 de xuño de 2022 e, en virtude de Resolución da Dirección Xeral do IGVS do 21 de novembro de 2022, aprobouse a solicitude formulada polo concello asinante deste convenio para o acceso ao Fondo de cooperación, a cal deberá materializarse mediante a sinatura do presente convenio de financiamento.

Polas razóns anteriores, as partes comparecentes acordan formalizar o presente convenio de colaboración, que levan a efecto en virtude das seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. *Obxecto*

O presente convenio ten por obxecto definir os termos da colaboración e os compromisos mutuos das partes asinantes, de cara ao financiamento con cargo ao

FIRMADO POR María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 16/03/2024 15:47:00)
Versión imprimible
CVD: 8N1OHDUlHED7yv1e+H06
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
CVE: nJDOz1gabZY9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Fondo de cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes (no sucesivo, Fondo de cooperación) da seguinte actuación:

Obxecto: PAVIMENTACIÓN NÚCLEO DE CAMBOÑO

Orzamento total: 173.697,73 €.

Importe do financiamento: 63.052,27 €.

Prazo de reposición: 8 ANOS

Segunda. *Obrigas das partes*

O IGVS comprométese a:

a) Financiar a actuación descrita na cláusula primeira, mediante a disposición da cantidade de 63.052,27 €. a favor do concello asinante deste convenio.

b) Transferir o referido importe ao concello, nos termos establecidos na cláusula terceira deste convenio.

Pola súa banda, o concello asinante deste convenio asume os seguintes compromisos:

a) Destinar as cantidades aboadas con cargo ao Fondo de cooperación á execución da actuación obxecto de financiamento.

b) A repoñer, no número de conta ES97 2080 0388 28 3110002902, con indicación

FIRMADO POR María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 16/03/2024 15:47:00)
Versión imprimible
CVD: 8N1OHDUlHED7yv1e+H06
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
CVE: nJDOz1gabZY9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

do seu concepto, a cantidade percibida con cargo ao Fondo de cooperación no prazo de 8 ANOS, contados desde o día seguinte ao da data de formalización do presente convenio, mediante o ingreso dos seguintes importes.

-Anualidade: 2023	-Importe: 7.881,53 €
-Anualidade: 2024	-Importe: 7.881,53 €
-Anualidade: 2025	-Importe: 7.881,53 €
-Anualidade: 2026	-Importe: 7.881,53 €
-Anualidade: 2027	-Importe: 7.881,53 €
-Anualidade: 2028	-Importe: 7.881,53 €
-Anualidade: 2029	-Importe: 7.881,53 €
-Anualidade: 2030	-Importe: 7.881,56 €

As anteriores cantidades poderanse modificar no suposto de que o concello amortice o importe pendente da disposición, en virtude do establecido na cláusula cuarta deste convenio.

A reposición das cantidades correspondentes a cada anualidade deberá realizarse antes do 30 de setembro de cada ano.

c) A xustificar as actuacións obxecto de financiamento, nos termos previstos na cláusula quinta.

d) A incluír nos orzamentos dos seus exercicios seguintes -2023 ata 2030-, con cargo aos ingresos correntes, as anualidades previstas neste convenio para a reposición de fondos.

FIRMADO POR María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 16/03/2024 15:47:00)
Versión imprimible
CVD: 8N1OHDUlHED7yv1e+H06
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
CVE: nJDOz1gabZY9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

e) A permitir a compensación e retención das achegas vencidas e non pagadas con cargo ao Fondo de Cooperación Local, para o suposto de que o concello non repuxese as cantidades acordadas dentro dos prazos fixados na resolución ou incumprise calquera outra das obrigas previstas no convenio de financiamento.

f) A ingresar no citado número de conta a totalidade da cantidade percibida, así como os xuros legais correspondentes á disposición realizada, no suposto de resolución anticipada do convenio por incumprimento das súas obrigas.

g) A non compensar as amortizacións pendentes coas contías que, por calquera outro concepto, puidese deberlles a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou entidades públicas instrumentais pertencentes ao sector público autonómico.

Terceira. ***Disposición do importe con cargo ao Fondo de cooperación***

A disposición de cantidades con cargo ao Fondo de cooperación efectuarase mediante transferencia bancaria ao número de conta ES90 2080 0381 0831 1000 0090.

Cuarta. ***Amortización***

O concello poderá, en calquera momento, amortizar, total ou parcialmente, o importe pendente da disposición.

As amortizacións non poderán ser por unha contía inferior a cincuenta mil euros (50.000 €), agás que o concello queira reintegrar anticipadamente a totalidade do importe da disposición e esta fose inferior á dita cantidade.

FIRMADO POR María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 16/03/2024 15:47:00)
Versión imprimible
CVD: 8N1OHDUlHED7yv1e+H06
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
CVE: nJDOz1gabZY9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

No suposto de amortizacións parciais, deberá comunicarllo previamente ao IGVS mediante o anexo III da resolución de convocatoria de acceso ao Fondo de cooperación, cunha antelación mínima de quince (15) días naturais e máxima de sesenta (60) días, tamén naturais, á data na que se queira facer efectiva a amortización anticipada.

O importe amortizado aplicarase proporcionalmente ás anualidades seguintes a aquela en que se realice a amortización.

O IGVS comunicará ao concello as cantidades a aboar en cada anualidade como consecuencia da amortización.

Quinta. ***Xustificación das actuacións obxecto de financiamento***

O cumprimento por parte do concello das finalidades obxecto do financiamento deberá acreditarse ante a Dirección Xeral do IGVS mediante a presentación por vía electrónica dun certificado do órgano competente do concello acreditativo da finalización das actuacións, da adquisición do inmoble obxecto de financiamento ou, de ser o caso, da elaboración do plan especial de protección polo equipo encargado da súa redacción. O prazo para presentar estes documentos será de dous meses, contados desde o día seguinte ao da data de finalización do período de execución da actuación, da adquisición do inmoble ou da entrega do plan especial de protección ao concello.

Así mesmo, o concello deberá remitir electronicamente á Dirección Xeral do IGVS, con periodicidade semestral, ata o completo remate da actuación, un informe sobre o estado de execución das obras, a adquisición do inmoble, acompañados de fotografías, ou, de ser o caso, o estado de tramitación da elaboración do plan especial de protección, sen prexuízo de que o IGVS poida realizar as comprobacións

FIRMADO POR María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 16/03/2024 15:47:00)
Versión imprimible
CVD: 8N1OHDUlHED7yv1e+H06
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
CVE: nJDOz1gabZY9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

que estime oportunas.

Sexta. ***Obrigas e compromisos económicos***

O IGVS achegará un importe de 63.052,27 €, que será satisfeito con cargo á aplicación orzamentaria dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2022:

Órgano administrativo/entidade	Aplicación orzamentaria	Importe
Instituto Galego da Vivenda e Solo	08.81.451A.821.60	63.052,27

Sétima. ***Comisión de seguimento***

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión de seguimento, integrada por dous representantes de cada unha das partes.

As funcións da Comisión de Seguimento serán as seguintes:

a) Efectuar un seguimento do grao de cumprimento dos compromisos asumidos polas partes asinantes deste convenio.

b) Resolver as controversias que poidan xurdir na interpretación e no cumprimento do convenio.

A Comisión de Seguimento reunirase, a petición de calquera das partes, cantas veces se consideren oportunas para o desenvolvemento das súas tarefas.

FIRMADO POR María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 16/03/2024 15:47:00)
Versión imprimible
CVD: 8N1OHDUlHED7yv1e+H06
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
CVE: nJDOz1gabZY9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Oitava. ***Prazo de execución***

O prazo de execución deste convenio comezará o día da súa sinatura e rematará na data en que se produza a efectiva reposición das cantidades percibidas con cargo ao Fondo de cooperación.

Novena. ***Causas de resolución***

Serán causas de resolución do convenio as seguintes:
a) O mutuo acordo das partes que o subscriben, manifestado por escrito.

b) O incumprimento de calquera das súas cláusulas.

c) A imposibilidade legal ou material de continuar co obxecto do convenio.

Décima. ***Datos persoais***

De conformidade co establecido nos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e no artigo 29 da Lei autonómica 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as partes asinantes manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan no presente convenio e demais especificacións contidas nel poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

As partes comprométense a tratar os datos persoais que fosen postos no seu coñecemento unicamente coa finalidade e co alcance de executar o establecido no presente convenio, respectando os requisitos establecidos na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e na súa normativa de desenvolvemento.

FIRMADO POR María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 16/03/2024 15:47:00)
Versión imprimible
CVD: 8N1OHDUlHED7yv1e+H06
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
CVE: nJDOz1gabZY9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Décimo primeira. ***Réxime xurídico***

O presente convenio ten carácter administrativo e réxese para os seus efectos polas súas cláusulas, non lle será de aplicación a lexislación de contratos do sector público, conforme ao disposto no no artigo 4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, sen prexuízo da aplicación supletoria dos principios da lei para resolver as dúbidas ou lagoas que se puidesen presentar.

Dada a natureza xurídico pública do presente documento, as controversias que puidesen xurdir na aplicación do convenio, non solucionadas pola Comisión de Seguimento, serán resoltas pola xurisdición contencioso - administrativa.

E en proba de conformidade, asinan electronicamente este convenio na data indicada.

Polo Instituto Galego da Vivenda e Solo	Polo Concello de Lousame
Ángeles Vázquez Mejuto	María Teresa Villaverde Pais

Asinado por: VAZQUEZ MEJUTO, MARIA ANGELES
Cargo: Presidenta do IGVS
Data e hora: 30/11/2022 19:15:53

Asinado por: VILLAVERDE PAIS, MARIA TERESA
Cargo: Alcaldesa (Concello de Lousame)
Data e hora: 30/11/2022 14:33:17

FIRMADO POR María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 16/03/2024 15:47:00)
Versión imprimible

CVD: 8N1OHDUlHED7yv1e+H06
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CVE: nJDOz1gabZY9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO E O CONCELLO DE LOUSAME PARA O ACCESO AO FONDO DE COOPERACIÓN PARA O APOIO AO FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓNS DE REHABILITACIÓN E CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO CONSTRUÍDO EN CONCELLOS DE MENOS DE 50.000 HABITANTES.

REUNIDOS

Dunha parte, o Instituto Galego da Vivenda e Solo (en adiante, IGVS), con NIF Q6550004C e domicilio en Área Central, s/n, Polígono das Fontiñas, Santiago de Compostela (A Coruña), representado por Ángeles Vázquez Mejuto, conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, nomeada polo Decreto 60/2022, do 15 de maio (DOG núm. 94, do 16 de maio), en virtude das atribucións que lle confire a súa calidade de presidenta do IGVS, segundo o artigo 4 do Decreto 97/2014, do 24 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica do IGVS (DOG núm. 147, do 5 de agosto).

Doutra parte, o Concello de Lousame, con NIF P1504300C e domicilio na Rúa Praza Teodomiro Hidalgo, 1, Lousame, representado por María Teresa Villaverde Pais, na súa condición de alcaldesa, en virtude das atribucións conferidas polos artigos 21.1, 21.1 b) e 21.1 k, da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

As partes recoñécense mutuamente capacidade legal suficiente para outorgar o presente convenio de colaboración e, para tal efecto,

MANIFESTAN

I.- O IGVS é o organismo autónomo adscrito á Consellería de Medio Ambiente,

FIRMADO POR María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 16/03/2024 15:47:00)
Versión imprimible
CVD: 8N1OHDU1HED7yv1e+H06
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
CVE: jgUvYCR4TF21
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Territorio e Vivenda encargado de realizar a política de vivenda e solo da Xunta de Galicia, co fin de garantir os dereitos constitucionais a una vivenda digna e adecuada, segundo dispón o artigo 3 da Lei 3/1988, do 27 de abril de creación do IGVS, e pode, para o cumprimento destes fins, establecer convenios con entes públicos ou privados.

II.- O artigo 80.2.d) e e) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, establece que o municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma, nas materias de "ordenación, xestión, execución e disciplina urbanística; a promoción e xestión de vivendas; os parques e xardíns; a pavimentación de vías públicas urbanas e a conservación de camiños e vías rurais"; "o patrimonio histórico - artístico".

III.- As partes asinantes son conscientes que son moitas as edificacións existentes na Comunidade Autónoma de Galicia que se atopan en estado de abandono e desocupación e nas cales as persoas propietarias desatenden o seu deber de conservación e que, asemade, as administracións locais e, de xeito especial os concellos máis pequenos, non teñen capacidade para asumir a execución subsidiaria, no caso de incumprimento dos/das propietarios/as, polo que dificilmente poden rematar os expedientes iniciados co obxecto de esixir o cumprimento da citada obriga.

Por outra parte, desde o IGVS considérase conveniente facilitar a participación dos concellos nas intervencións públicas en materia de rehabilitación e rexeneración urbanas, de tal xeito que poidan acometer actuacións de recuperación e posta en valor do patrimonio construído, co obxecto de recuperar ámbitos en estado deficiente de conservación, como medida de protección do patrimonio cultural e arquitectónico, do ambiente, da paisaxe e do territorio, en prol de mellorar a calidade de vida dos cidadáns, facilitando que poidan dispor dunha vivenda digna e

FIRMADO POR María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 16/03/2024 15:47:00)
Versión imprimible
CVD: 8N1OHDUlHED7yv1e+H06
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
CVE: jgUvYCR4TF21
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

axeitada.

IV.- O 23 de setembro de 2016 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* a resolución da presidenta do IGVS do 20 de setembro de 2016, pola que se crea o Fondo de cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes.

A Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia (*Diario Oficial de Galicia* núm. 83, do 2 de maio) regula, nos seus artigos 82 e 83, o citado fondo dentro das medidas de fomento da rehabilitación edificatoria e da rexeneración e a renovación urbanas.

